

MULLERES
CON CIENCIA



CONCEPCIÓN PAZ PENÍN
PREMIO
MARÍA WONENBURGER
2023

BIOGRAFÍA

MULLERES CON CIENCIA

Concepción Paz Penín nace en Ferrol no ano 1969. É enxeñeira industrial, doutora, investigadora, catedrática e profesora da Universidade de Vigo. Ademais, dirixe o Centro de Investigación en Tecnoloxía, Enerxía e Procesos Industriais (CIN-TECX), departamento punteiro no que traballan máis de 175 persoas en diversas liñas como as enerxías renovables, a biomédica, a intelixencia artificial ou en procesos de eficiencia enerxética.

É autora de numerosas publicacións e traballos de investigación, dirixiu sete teses de doutoramento e realizou importantes colaboracións con empresas investigando a aerodinámica nos trens de alta velocidade ou nos procesos para a mellora da eficiencia e redución de emisións na automoción.

No ano 2023 foi galardoada co premio María Wonenburger, que reconece o labor de científicas galegas salientables na súa disciplina.



CONCEPCIÓN PAZ PENÍN PREMIO MARÍA WONENBURGER 2023

IGUALDADE

MULLERES CON CIENCIA

Nunha publicación da Universidade de Vigo titulada *Ola, quero ser investigadora*, Concepción Paz afirmaba:

“Aínda é necesario traballar na visibilización das mulleres no ámbito da investigación”.

Que opinas ti desta afirmación? Por que é necesaria esa visibilización? Atopa a biografía de tres mulleres investigadoras galegas.

Concepción Paz afirmaba noutra entrevista: *“as carreiras de moitas investigadoras quedan estancadas polo feito de ser nais”.*

Por que cres que se dá esta situación? Cres que é xusto? Pensas que pasa o mesmo no caso dos homes? Que farías para remediar este feito?

CONCEPCIÓN PAZ PENÍN PREMIO MARÍA WONENBURGER 2023

INVESTIGACIÓN

MULLERES CON CIENCIA

Concepción Paz Penín é unha namorada do seu traballo como enxeñeira traballando en campos como a mobilidade eficiente ou a redución de emisións contaminantes dos vehículos.

Investiga sobre outras investigadoras que estean a traballar nestes campos.



CONCEPCIÓN PAZ PENÍN PREMIO MARÍA WONENBURGER 2023

INVESTIGACIÓN

MULLERES CON CIENCIA

Concepción Paz Penín dirixe o CINTECX, que é o Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais da Universidade de Vigo. Este centro é un referente científico para o país.

Entre os seus campos de traballo destacan as investigacións en enerxías renovables, a eficiencia enerxética, o aproveitamento de recursos naturais, a valorización de residuos industriais, o desenvolvemento e a aplicación de técnicas de fabricación avanzada e novos materiais, tecnoloxías de propulsión limpa ou a intelixencia artificial.

Pensaches algunha vez en dedicarte á investigación nestes campos?

Sabías que este centro punteiro de investigación está na Universidade de Vigo e que está dirixido por unha muller?

CONCEPCIÓN PAZ PENÍN PREMIO MARÍA WONENBURGER 2023

PRECURSORAS

MULLERES CON CIENCIA

Concepción Paz Penín, á parte de ser unha investigadora punteira no seu campo, dirixe un equipo multidisciplinar de máis de 175 persoas, rachando o chamado teito de cristal que sofren as mulleres.

Investiga o que é o **teito de cristal** e responde:

Que medidas pensas que se poden levar a cabo para acabar con esta situación?

Investiga se nas nosas Universidades (Vigo, Santiago de Compostela e A Coruña) hai máis centros de investigación dirixidos por mulleres. Cita os que atopas.

Concepción afirma que os equipos de traballo con maior diversidade serán máis eficientes. Estás de acordo?

En que medida pensas que os equipos con mulleres poden ser beneficiosos para calquera institución?

CONCEPCIÓN PAZ PENÍN PREMIO MARÍA WONENBURGER 2023

AERODINÁMICA

MULLERES CON CIENCIA

Unha das investigacións nas que traballa Concepción Paz é o estudo da aerodinámica nos trens de alta velocidade. Sabes o que é a aerodinámica?

En que medida pensas que inflúe no funcionamento do tren?

Outras das investigacións que está a levar son os traballos en relación co coche eléctrico. Non cres que o traballo de enxeñeira industrial é fascinante? Redacta a túa opinión.

CONCEPCIÓN PAZ PENÍN PREMIO MARÍA WONENBURGER 2023